



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

## DECRETO N° 723/2012

-Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á adxudicación do contrato do servizo de redacción do Proxecto Novo Mercado.

-Visto o expediente tramitado, de contratación do servizo de redacción do Proxecto Novo Mercado, incluíndo as diferentes reunións celebradas polo seu Xurado.

-Visto que dentro de prazo se presentaron ó procedemento de contratación, aportando documentación administrativa:

--VISIER ARQUITECTOS SLP---

--LUIS RUIBAL RODRÍGUEZ---

--ALEJANDRO TRIGO CASTRO---

--JOSÉ MANUEL RIVEIRA CASTRO---

--J.PICÁNS Y ASOCIADOS S.L.P.--

--DANIEL TORRES CAMPOS---

--CARLOS UZAL CABANAS---

--REDONDO VALLADARES Y RODRÍGUEZ ARQUITECTOS S.L.P.--

-Visto que examinada a documentación administrativa polo Xurado e, no seu caso, requirida documentación adicional, continuarón adiante no procedemento de contratación tódolos anteriores, excepto JOSÉ MANUEL RIVEIRA CASTRO, UTE

-Visto que, tal e como sinalou o Xurado, procedía a inadmisión ó procedemento de contratación de JOSÉ MANUEL RIVEIRA CASTRO, UTE dado que, no relativo á documentación aportada para acreditar a súa solvencia técnica, “dentro dos traballos desenvolvidos que recolle na relación aportada, ningún deles é especificamente de redactor de Proxecto”.

-Visto que continuou o procedemento de contratación, presentando documentación relativa á oferta os seguintes pseudónimos ou lemas: “444”, “Praza viva”, “O Mercado volta á Estrada”, “Skylight”, “Doha” e “;Luz más luz!”

-Visto que, polos membros técnicos do Xurado (Enrique Ponte Clares [Arquitecto], Manuel Sanmartín Chao [Arquitecto] e Daniel Órrea Corral [Arquitecto Técnico]) o 5 de xullo de 2012 realizáronse Informes valorando a Proposta de actuación de cada un dos pseudónimos ou lemas presentados, segundo os criterios de valoración previstos (calidade arquitectónica e sustentabilidade da proposta).


-Visto que, tendo en conta eses Informes, así como as puntuacións outorgadas no relativo ós criterios de valoración automática (prezo e prazo de execución), o Xurado emitiu o seguinte “Ditame de clasificación de ofertas”:

### DITAME DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO XURADO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO NOVO MERCADO

**---444--- Total: 87,33 puntos**

+Calidade arquitectónica: 20,33 puntos

+Sustentabilidade da proposta:12 puntos



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Nesta proposta valorouse positivamente a integración dos distintos usos na planta baixa, a apertura do mercado cara a rúa e a mínima alteración estrutural que desemboca nun menor custo da actuación. O arquitecto conseguiu incorporar todo o programa e propuxo un acabado económico para a fachada.

Valorouse de xeito negativo a modificación da Rúa Waldo Alvarez Insua e a adición da planta segunda sen retranqueo pola fachada á Praza de Martínez Anido, que se eleva de xeito non harmonioso sobre o edificio colindante de singular valor arquitectónico.

- +Prezo: 40 puntos  
(A baixa ofertada foi de 20.000 euros)
- +Prazo de execución: 15 puntos  
(Os días de rebaixa no prazo de execución foron 15)

**--- Praza viva--- Total: 54,07 puntos**

- +Calidade arquitectónica: 15 puntos
- +Sustentabilidade da proposta: 6,67 puntos

Nesta proposta valorouse positivamente o desenvolvemento do programa mínimo en canto a distribucións e a economía da actuación de xeito que se modifica pouco ou nada a estrutura existente.

Valorouse de xeito negativo a dotación dun só acceso á planta primeira e segunda que provocará problemas ó Concello para futuros usos destas plantas. Os ascensores da planta segunda desembocan nunha zona de terraza exterior.

O funcionamento do mercado proxéctase de costas ó exterior de xeito que non se modifica nin mellora a situación actual que non tivo gran éxito.

- +Prezo: 17,4 puntos  
(A baixa ofertada foi de 8.700 euros)
- +Prazo de execución: 15 puntos  
(Os días de rebaixa no prazo de execución foron 15)


**---O Mercado volta á Estrada--- Total: 43,84 puntos**

- +Calidade arquitectónica: 11,17 puntos
- +Sustentabilidade da proposta: 12,67 puntos

Valorouse positivamente unha proposta innovadora que entendeu un concepto de mercado vanguardista e adaptable. Destácase a integración do aproveitamento da auga de choiva para o seu reciclado e a utilización de outras enerxías alternativas.

Valorouse de xeito negativo o incumprimento dalgúns aspectos do programa de necesidades, e a excesiva actuación estrutural ó alterar de xeito importante a cota de solo de planta baixa e á instalación dos depósitos de auga sobre os forxados.

- +Prezo: 10 puntos  
(A baixa ofertada foi de 5.000 euros)
- +Prazo de execución: 10 puntos  
(Os días de rebaixa no prazo de execución foron 10)



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**---Skylight--- Total: 75 puntos**

- +Calidade arquitectónica: 20 puntos
- +Sustentabilidade da proposta: 13 puntos

Nesta proposta valorouse positivamente a integración dos distintos usos na planta baixa, a apertura do mercado cara o exterior, así como a mínima alteración estrutural que desemboca nun menor custo da actuación. O arquitecto conseguiu a perfecta ubicación para a cafetaría da planta baixa e un esquema de funcionamento interior que lle permitirá ó Concello no futuro unha certa elasticidade nos usos das plantas primeira e segunda.

Valorouse de xeito negativo a modificación da Rúa Waldo Alvarez Insua e botouse de menos a incorporación dalgún dos elementos citados na distribución ou o seu cambio de planta.

- +Prezo: 40 puntos  
(A baixa ofertada foi de 20.000 euros)
- +Prazo de execución: 2 puntos  
(Os días de rebaixa no prazo de execución foron 2)

**---Doha--- Total: 86,17 puntos**

- +Calidade arquitectónica: 19,50 puntos
- +Sustentabilidade da proposta: 11,67 puntos

Nesta proposta valorouse positivamente a xustificación da actuación sobre a estrutura do inmoble de xeito que describe as actuacións a levar a cabo atendendo ós documentos aportados polo Concello. Valorouse do mesmo xeito o exhaustivo cumplimento do programa en canto a distribución e a característica da economía das solucións de fachada e mínima alteración do existente.

Valorouse de xeito negativo a distribución interior da planta do mercado de xeito plantexa unha actividade de costas ó exterior repetindo o esquema de funcionamento actual que non tivo gran éxito.

- +Prezo: 40 puntos  
(A baixa ofertada foi de 20.000 euros)
- +Prazo de execución: 15 puntos  
(Os días de rebaixa no prazo de execución foron 15)

**---iLuz más luz! Total: 75,34 puntos**

- +Calidade arquitectónica: 17,67 puntos
- +Sustentabilidade da proposta: 12,67 puntos

Nesta proposta valorouse positivamente a integración dos distintos usos na planta baixa, a apertura do mercado á vía pública, a flexibilidade de usos por plantas e o aspecto vanguardista tanto exterior como interior. Tivo moi boa acollida entre os técnicos a solución de comunicación vertical mediante rampas interiores reducindo o número de ascensores a unha única unidade co consecuente aforro enerxético e de mantemento.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Valorouse tamén positivamente o desprazamento dos postos pechados ó fondo do mercado de xeito que dende a rúa se consegue unha imaxe da totalidade do mercado.

Valorouse de xeito negativo a disposición da entreplanta por motivos de accesibilidade e o custo estrutural que suporía o rebaixe de cota interior no frontal da Rúa Waldo A. Insua e a instalación das hortas na terraza por motivos de sobrecarga.

+Prezo: 30 puntos

(A baixa ofertada foi de 15.000 euros)

+Prazo de execución: 15 puntos

(Os días de rebaixa no prazo de execución foron 15)

-Vistos os informes do Arquitecto municipal de 6 de xullo de 2012 e do Técnico de Administración Xeral de 13 de xullo de 2012, ámbolos dous favorables, relativos á legalidade (basicamente urbanística) da Proposta de actuación que resultou clasificada coa maior puntuación no Ditame de clasificación de ofertas (Proposta co pseudónimo ou lema “444”).

-Visto que, trala súa identificación, os pseudónimos ou lemas, correspondían ós seguintes licitadores:

---“¡Luz más luz!”: Redondo Valladares y Rodríguez S.L.P.

---“Skylight”: Alejandro Trigo Castro

---“O Mercado volta á Estrada”: Daniel Torres Campos

---“Praza viva”: Carlos Uzal Cabanas, UTE

---“Doha”: Visier Arquitectos SLP

---“444”: J. Picáns y asociados SLP.

-Vista a Proposta preliminar de adxudicación da Alcaldía de 17 de xullo de 2012 do licitador correspondente ó pseudónimo ou lema que obtivo máis puntuación no Ditame de clasificación de ofertas do Xurado: J. Picáns y asociados SLP.

-- Vista a documentación aportada por J. Picáns y asociados S.L.P. e, particularmente, xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva.

-Vista a fiscalización feita pola Intervención Municipal de data 27 de xullo de 2012.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1º, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, e Decreto de delegación de 6 de xullo de 2011; e tendo en conta o disposto no artigo 14 da Lei 30/1992, relativo á avocación de competencias.

#### A C O R D O:

1º.-Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Inadmitir a José Manuel Riveira Castro, UTE, por non acreditar suficientemente a súa solvencia técnica.

3º.-Adxudicar a J. Picáns y asociados S.L.P. o contrato de servizo de redacción do Proxecto Novo Mercado por importe, excluído o IVE, de 25.423,73 euros (IVE de 4.576,27 euros; importe incluíndo o IVE de 30.000 euros). Adxudicación que será con arranxo ós Pregos e á súa oferta.




EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

4º.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible.

5º.- Notifíquese o presente Acordo ós licitadores.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde en funcións na Estrada a vinte e sete de xullo de dous mil doce.

O ALCALDE EN FUNCIONES



XEFE SECRETARIO



